



ÁREAS DE REHABILITACIÓN

IMPRESO 2**DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS**

(A CUBRIR POLA PERSOA REPRESENTANTE PROPIETARIO/A DAS VIVENDAS OU LOCAIS QUE PARTICIPAN NA SUBVENCIÓN)

ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DE FERROL**DECLARACIÓN****A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Ningún dos propietarios da vivenda /local está incurso en ningunha clase de prohibición para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da lei 38/2013 do 17 de novembro, lei xeral de subvencións.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2º g) da Lei 9 / 2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11 / 2009, do 8 de xaneiro.
5. Que non se revogou ningunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda, por causas imputables a esta persoa solicitante.
6. Que cumpren todos os requisitos legais para ser beneficiario.

AUTORIZACIÓNS

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, de conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público e autonómico de Galicia, para consultar a documentación relacionada con esta subvención.

Así mesmo, declaro que dita información está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponde. Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

Autorizo ás administracións local, autonómica e estatal, para consultar os datos de identidade da persoa representante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade das administracións local, autonómica e estatal, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante as administracións correspondentes.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de marzo de 2015 e Orde 23 de xuño de 2017 polas que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 - 2018.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE/A DA VIVENDA / LOCAL (PERSONA ASINADA NO IMPRESO 1)

NIF

Lugar e data